



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 7 DE ABRIL DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-presidente

D. JOSÉ MANUEL FREIRE COUTO(PP)

Concelleiros/as

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (PP)

D. MANUEL GARCIA GONZALEZ(PP)

D.^a MIRIAN PRIETO VALDES (PP)

D. JOSE A. DO OLMO CONGIL (PP)

D.^a NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. JULIO DOMINGUEZ PATO (PP)

D. XOSÉ CARLOS VALCÁRCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

D.^a MARIA PRESAS DE PRADO (PSdeG-PSOE)

D.^a VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. XOSÉ MANOEL FÍRVIDA PLAZA (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PÉREZ (BNG)

Secretario Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

Interventora de fondos

D.^a Eva García Fernández

AUSENTES:

D^a M^a ÁNXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 13:00 horas do día 07 de abril de 2014 réunese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que asiste quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese á análise dos puntos da orde do día.



1- SOLICITUDE DE PLENO EXTRAORDINARIO POR UNHA CUARTA PARTE DO NÚMERO LEGAL DE MEMBROS DA CORPORACIÓN POR MOR DA MODIFICACIÓN DO PXOM DO CONCELLO.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Bueno, Bos días a todos e a todas, vamos a empezar entonces con este pleno extraordinario, co primeiro e único punto da orde do día, que é solicitado polo BNG e polo Partido Socialista, que lle vou dar a palabra a un de eles para que explique logicamente os argumentos de este pleno extraordinario, quen queirades, da igual un que outro,

A Sra. Morenza toma a palabra (PSOE): Señor Alcalde, ¿Podía intervenir un momento con unha cuestión de orde?,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si

A Sra. Morenza toma a palabra: Bueno nada, moi brevemente, no anterior pleno, o noso grupo presentou un rogo, por unha cuestión de seguridade cidadá, non sabemos exactamente cales foron as xestións que fixo o Señor Alcalde, non sei se lembra un caso dun veciño que era perigoso, en Piñor, e non sei que xestións fixo o Señor Alcalde, o caso é que por culpa de esta cuestión, esta Concelleira foi amenazada por ese veciño, entón gustaríame que se tivera en conta, dado que temos un próximo pleno en mayo, que se tivera en conta que se está mesturando, quizais intereses partidarios, co interes público, co interese público, de seguridade cidadá,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, vamos a ver

A Sra. Morenza toma a palabra: Nós solo queremos que conste en acta, que nós non sabemos as xestións que fixo o Alcalde, pero supostamente falou con esa persoa, unha persoa que ten orden de alexamento e púxo a en contra de esta representante pública, e esto trátase de seguridade cidadana, eu falo eiquí como representante pública, neste caso tamén como afectada, pero en moitísimos casos, noutros casos teño denunciado situacións similiares ou de perigosidade, y eu son unha representante pública Señor Alcalde

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por suposto

A Sra. Morenza toma a palabra: Entonces, préggolle que vele pola seguridade de todos os cidadáns,



de todos os cidadáns, os que representamos a veciñanza, e tamén a cidadanía xeral, usted o que non pode facer é a unha persoa perigosa poñela en contra, ou contarlle cousas que se falan no Pleno

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero eso é o seu criterio, eu chameille a atención a ese señor, en todo caso, esto non vai na orde do día, eu tomo nota

A Sra. Morenza toma a palabra: Eu para que se teña en conta, e para que non mesture os temas do partido, cos temas de representación política.

O Sr. Alcalde toma a palabra: non, non, perdone, eu a ese señor chameille a atención y expliquei a situación na que estaba, despois a decisión que tomou el e cuestión del, non é cousa miña como é lóxico, eu tratei de limar asperezas, e non de como usted dice, de polo na súa contra,

A Sra. Morenza toma a palabra: Eu xa lle digo, que non sei as xestións que fixo, pero que eu recibín amenazas, e que ese señor ten agora mesmo unha orde de alonxamento de varias persoas do barrio, así que o teña en conta, moitas grazas,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vale, perfecto, en todo caso queda aclarado, pero eso non vai a constar na acta porque non é algo que non está na orde do día,

A Sra. Morenza toma a palabra: Pero nós queremos que conste en acta Señor Alcalde, é unha cuestión de orde, xa o pedín o principio que conste en acta,

A Sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver, el funcionamiento de un pleno extraordinario no es el mismo que un pleno ordinario, entonces los convocantes del pleno extraordinario tienen que adoptar un acuerdo para que se incluya cualquier otra cosa que no sea la que figura en el orden del día, con motivos del pleno extraordinario, si lo acuerdan los convocantes se incluyen sino no, es que no se puede adoptar ningún otro acuerdo,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu pola miña parte; non hai inconveniente ningún.

A Sra. Morenza toma a palabra: Eu quero que se incluía na acta, por si pasa algo durante todo este tempo.

A Sr. Secretaría toma a palabra: Bien, entonces ¿ los convocantes de este pleno extraordinario están de acuerdo en que conste en acta esto?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Si, non hai problema ningún,

A Sra. Secretaria toma a palabra: Bien, pues ya está, constará en acta.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Bien, pois entonces unha vez aclarado esto pasamos a darlle a palabra ao portavoz, do que decida ser, neste caso, para expoñer os motivos do pleno extraordinario, estamos falando da exposición de motivos, despois vostedes interveñen,



A Sra. Secretaria toma a palabra: Despois nas intervencións,

O Sr. Fírvida toma a palabra (BNG): ¿Que hai exposición de motivos e despois intervencións?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Claro, a exposición de motivos e o que consta aquí, e despois da exposición de motivos, cada un ten que compartir as súas.

O Sr. Firvida toma a palabra: Bueno, Bos días a todo o mundo, primeiro quería disculpar a ausencia dunha compañeira nosa, de Anxela, por problemas familiares, e despois, bueno, a exposición de motivos, si despois temos un turno de intervencións.

A exposición de motivos da presentación deste pleno extraordinario conxuntamente, por Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista, é pola noticia que temos a través dunha notificación na Xunta de Goberno do Pleno do mes anterior, onde se comunicaba a contratación dun arquitecto para prestar asesoramento técnico, en materia urbanística para unha modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Barbadás. Como grupo con representación no Concello, o Bloque Nacionalista Galego e entendo tamén o Partido Socialista, entendemos que a nosa responsabilidade, é transmitir esta información a toda a cidadanía do Concello, e intentar, intentar que non se aprobe, esta modificación, atendendo ás circunstancias excepcionais que están ocorrendo tanto neste Concello, como por exemplo agora mesmo na Xunta de Galicia, onde se está debatindo e negociando, e estudando, un borrador de modificación da Lei do Solo de Galiza que seguramente se aprobe no ano 2014, polo tanto como non hai ningún criterio de urxencia, que motive a aprobación deste Plan Xeral, por moito que vostedes nos digan, que véñense realizando estudos e modificacións desde anos atrás, nós entendemos que ben se poden demorar, y abrir un proceso participativo, pero en todo caso, eso xa o explicarei na miña exposición de motivos. Por outra banda o que pedimos tamén, é que se informe a cidadanía do que se está facendo co Plan Xeral de Ordenación Municipal en Barbadás, y si Xosé Carlos quere engadir algo,

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra (PSdeG-PSOE): Pois, engadir simplemente, que durante todo este período de tempo, os grupos da oposición que forman parte da Corporación, formamos parte igual que o Partido Popular, da Corporación Municipal e temos dereito, e vostedes teñen a obriga de facilitarnos información, salvando todo tipo de cautelas legais, que hai en relación á publicidade deste tema. Sen embargo, nós tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista non recibimos ningún tipo de información, excepto as preguntas que se fixeron aquí, en Pleno, en algún momento, polo demais houbo unha sistemática ocultación, entón necesitamos que se nos aclare a situación en que se atopa este proceso actualmente.



O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, bueno pois en primer lugar, decir que non houbo ningunha ocultación, vostedes e eu, vou a dar simplemente lectura e vouno dar en castelán porque mo fixeron en castelán, teñenme que perdonar pero en todo caso é un relatorio da evolución de esta adaptación, de este proceso, do Plan Urbanístico da Nova Lei do Suelo, ¿vale?, no cual vostedes no ano 2007, nun pleno que tuvemos xa de aquela, que solicitamos unha subvención á Xunta de Galicia, por certo, gobernando o bipartito, pois votaron por unanimidad, é mais, non só votaron por unanimidad se non que nos estaban reprochando o non habelo feito antes, ¿vale? , en todo caso eso é o primeiro punto de que vostedes estaban enterados, votaron a favor, e aínda por encima nos reprocharon o non habelo feito antes, eso foi o 27 de outubro de 2007, ¿vale?.

Despois, o 09 de abril de 2008 a Xunta de Galicia nos concede unha subvención, e o 19 de novembro de 2008 se adjudica este contrato á empresa que saíu elexida que foi XDF S.L., a subvención tiña un carácter plurianual, dividida por importes que en total eran 106.840 euros, en cinco anualidades, en cinco anualidades, esto todo vostedes o sabían, osea que é unha demagogia e unha mentira total e absoluta que vostedes non souperan nada, o mellor non se enteran, por que se lle pasou, logicamente leva este proceso moito tempo, e non se enteran, ou fan que non se enteran e queren facer demagogia e queren vir aquí para facerlle ver e crer aos cidadáns que nós estamos ocultando, cando nós non estamos ocultando absolutamente nada, as actas son públicas e vostedes o saben.

Bien, seguimos, despois unha vez esto, se produce posteriormente un reaxuste por parte da Xunta de Galicia, respecto aos prazos y pagos inicialmente previstos, consistentes en mover estos prazos, ¿non? entonces en anos posteriores, unha vez que se reaxustan estos prazos, en outubro do 2009, todo esto veu ó Pleno, dito sexa de paso, que a Secretaría pode dar fe do que vou dicir, todo esto veu a Pleno, cousa que se podía haber feito loxicamente por Decreto de Alcaldía, porque son trámites administrativos, y se podía facer, que era legal, licito e non pasaba absolutamente nada, sen embargo veu a Pleno para que todo o mundo o soupera, así que de ocultación reitero nada, bien, sigo. No ano 2009 se retrasa hasta un ano e medio a finalización de este procedemento, todo por tema da Xunta, non é imputable ó Concello para nada; en novembro de 2010 prodúcese un novo retraso sinalando a finalización do proceso, por perdida da Xunta de Galicia, naquel momento no 2010, que sería no 2014, sigo, en mayo do 2011 hai un novo retraso sinalando a fecha de finalización en febreiro de 2015, non poña esa cara Señor Fírvida porque é así, están ahí os documentos, e unha realidade hombre, vamos a ver

O Sr. Fírvida toma a palabra: Sigaa



O Sr. Alcalde toma a palabra: En Junio do 2012 novo retraso que señala o fin do procedemento no ano 2016, sen concretar mes, que terminaría no 2016, osea que non se preocupen que estamos no 2014. En Junio do 2013 prodúcese a última modificación ata o día de hoxe, en que se concretan as fechas seguintes, ata o día de hoxe, que se concretan as fechas seguintes. Cumprimos sempre con todos os prazos, o Ayuntamiento, dos que nos marcou a Xunta, punto primeiro a última proposta é a aprobación inicial no ano 2014, no ano que estamos, aprobación inicial, aprobación provisional no ano 2016, osea que non se acaba de momento o proceso neste ano, nin nunhos meses, vaise acabar ca aprobación definitiva, está é a folla de ruta, a aprobación definitiva será, si todo vai según este organigrama no 2017, que xa estará outra corporación, si a vostede é eso o que lle preocupa, non vai ser esta corporación o que aprrobe este Plan urbanístico, como vostede lle chama, dito sexa de paso que non é un Plan Urbanístico é unha adaptación do Plan Actual á nova Lei do Suelo, con unhas características, que impón a Xunta de Galicia, que non ten nada que ver con facer un novo Plan.

Como consecuencia, e en conclusión, pagamos no ano 2008, 36.000 euros á firma do contrato e diagnóstico, que é a primeira fase, no ano 2012 outros 36.000 euros, á presentación dun documento para informe previo que se mandou á Xunta de Galicia, no ano 2010 tamén pagamos 27.112 euros para facer o que é unha planimetría, con cargo a una subvención diferente, recibidas hasta o de agora no 2011, pagáronse 8.545,26 euros, en concreto que hasta o día de hoxe, lévanse pagado 107.000 euros, que indudablemente pois son debidos a un traballo feito, basicamente técnico, técnico, é puramente técnico esto, aquí non hai nada, absolutamente nada político, por varias razóns, primeiro porque o único que se fai é adaptar o Plan a unha Lei que exige a Xunta, como vostedes aprobaron no seu día e aplaudiron aquí, no seu momento a edificabilidade, hai que adaptalo o que manda a Lei, non se fai nada do que vostedes dicen, demagógicamente, que si queremos legalizar pisos, que temos o Tenente Alcalde y eu, eu non teño que vender ningún piso, absolutamente nada, nin o Teniente Alcalde tampouco, nós o único que estamos facendo é esto, adaptalo a nova Lei do Suelo, que quede claro, y terminará o proceso no 2017, y si non cumprimos todo esto, é decir, si agora no 2014 non facemos a aprobación inicial, indudablemente perderíamos ou perdemos todo ese traballo feito hasta o día de hoxe, y o diñeiro claro, o traballo e o diñeiro claro, y o Concello tería que partir de novo, máis adiante, tería que pagarlle aos técnicos que están agora mesmo aquí presentes, para informalos despois, y loxicamente é diñeiro público que todo o mundo ten que velar por el, y loxicamente tamén, valga a redundancia, nós aquí como cidadanos e como Concelleiros, non nos xugamos absolutamente nada, máis que como calquer ciudadano máis, cumprimos escrupulosamente o que



marca a Lei, que é adaptar o Plan á Lei do Suelo, y dito esto, pois esta é a folla de ruta, que si tiña algunha preocupación, volvo reiterar, algunha suspicacia, de que queremos aprobar esto xa agora mesmo, pois non, si se aproba será definitivamente según esta folla de ruta no ano 2017, o millor de aquelas están vostedes eiquí, mira por onde ou o millor non, porque indudablemente este sistema lévano facendo durante moitos anos, y ustedes o que pretenden de algún cheito é crear unha alarma social en torno a este tema, para que a xente, pois logicamente se inquiete, se preocupe, y bueno si hai razón me parece lóxico, pero cando non hai razón como neste caso y vostedes mentiron descaradamente dicindo que non sabían nada, porque aquí están as actas, eiquí están as actas, e vostedes o saben, y o único que pretenden é eso, crear alarma social, crear noticias publicitarias, supoño que ó mellor, incluso para neutralizar outros que hai noutros Concello limítrofes, porque son francamente alarmantes e preocupantes e vostedes o que pretenden é dalgún xeito é un coto revoluto para que Barbadás parezca o que realmente non é, en Barbadás houbo transparencia e haina, e os feitos me remito, ¿ vale? e vostedes o único que pretenden é, dito vulgarmente y en galego digamos profundo é enmerdar todo, para que todo pareza aquí o que non é, non lle é así, mire outros antes de vostedes, outros antes de vostedes, fixeron estrategias similares a vostedes, e vostedes teñen un problema, vostedes teñen un problema pero equivocado, vostedes creen que o problema que teñen son eu, estar aquí, porque non lle deixo ceder ao poder, mire o problema que teñen os seus partidos non son eu nin o Partido Popular, son vostedes mesmos, vostedes son o problema, que non consiguen baixo ningún concepto credibilidade, ante a cidadanía, entonces creen que enmerdando, desprestigiando ó equipo de goberno, ustedes van a ganar as eleccións, ese é o problema que ten o seu partido con vostedes, con vostedes, porque xente como vostedes con estas mentiras, con estas calumnias e con estas informacións, pois alega como que a realidade ven toda o seu sitio, pois todo o mundo ve o que hai, e os feitos me remito, nada máis.

O Sr. Firvida toma a palabra: Vale, moi ben, por empezar por algún lado, porque despois de todo o que acabamos de escoitar, a verdade é que é para votarse a temblar, primeiro eu quero lamentar a convocatoria de este Pleno o día e na hora en que se fai, a convocatoria de solicitude de pleno extraordinario que fai o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista figuraba a intención e a petición á solicitude de que se fixera en horario de tarde, en horario onde puidesen asistir todas aquelas persoas, que teñen traballo, tamén os Concelleiros e tamén as Concelleiras temos traballo e estamos ocupados, pero todo o mundo do Concello, que ten traballo, que puidera asistir a unha hora cómoda, onde puidese haber cando menos transparencia, esa transparencia que vostede tanto dí que,



que defende, pois nós o que entendemos é que convocando un Pleno, un luns á unha do medio día, o que se intenta é ocultar o debate, á cidadanía deste Concello, y esto non responde máis que a súa cobardía, a súa cobardía Señor Freire Couto, porque vostede non quere que o Concello, que a xente de este Concello, se entere do que sucede e do que vostede está facendo aquí, porque senón non tería convocado un pleno á hora onde a xente que traballa non pode estar aquí presente, y a xente que non traballa a esta hora está facendo a comida, ou está atendendo a netos, ou está atendendo a fillos, ou está facendo algunha outra cousa, é a peor hora do día, pero vostede se empeña en facer os plenos a unha para que non poda haber participación cidadá, bueno, pretende modificar o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Barbadás co pretexto da Adaptación á Lei do Solo, e agora nos ven o Señor Freire Couto a dicir que na oposición nós temos información é mentimos. O Bloque Nacionalista Galego pediu solicitude aos técnicos deste Concello, de cales son os trámites que se levan seguido para a modificación de este Plan e cal é a información que temos recibido os membros da oposición y efectivamente, de todo o que dixo o Señor Freire Couto, contou unicamente dúas verdades, y unha chea, unha morea así de grande de mentiras, Señor Freire, porque as únicas dúas verdades que dixo é que ó Pleno veu o 23 de outubro do ano 2007, nunha sesión plenaria onde votamos a favor, a modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Barbadás, aprobado en xuño do ano 2002, cinco anos atrás e ven esa modificación y nós en aras da nosa responsabilidade, y para adaptalo a nova Lei do Solo, curiosamente aprobada en decembro de ese ano, tamén é ben curioso, que vostede aprobe sempre os seus plans e as súas modificacións, previo a unha modificación Nacional Galega, sempre fai así, coincidencias da vida, oye eh, que aprobe vostede un Plan, cinco meses antes, que una Lei de Solo de Galicia, bueno pois eso fai no ano 2007, e despois resulta que o 18 de novembro de 2008 adxudicase definitivamente a contratación dun servizo para a modificación do PXOM, no ano 2008 pero eu creo que estamos no ano 2014, é dicir ¿vostede nos está dicindo que a oposición estamos informando dos seus trejemenejes, dos seus chanchullos urbanísticos cando a última documentación que temos e do ano 2008 Señor Freire?, ¿vostede nos esta dicindo que nós tiñamos información e que mentimos e que manipulamos e que terxiversamos a realidade, cando facemos assembleas por dicir que a nosa última información é do ano 2007-2008? , ¿é que eu teño que saber que dende o ano 2008 cando vai vostede a meter unha modificación do Plan? ¿ Porque razón vostede mete na convocatoria do mes de marzo, de febreiro un papel, un folio, nunha chea de documentación, así no medio, anunciando a contratación dun arquitecto e non se fala nada máis desde o ano 2008? ¿Esto é a transparencia e a claridade que ten vostede?, porque toda esa outra documentación, que vostede nos



dixo non veu a Pleno nunca, nunca, nunca, se non traigame aquí esas convocatorias do Pleno ou traigame as actas onde figura esa documentación , ¿ehh? Entonces aquí vaise a demostrar quen minte e quen dí a verdade, e según os informes dos técnicos, e según os informes dos técnicos, es certo, que tamén está en español, es certo que desde la oficina de Urbanismo, se informa da adaptación do PXOM, está información non é reservada, puesto que en la sesión plenaria del 23 de octubre de 2007, se aprueba solicitar a la cotop, una subvención al amparo de tal, e o 18 de novembro de 2008 adxudicase definitivamente, esto é a documentación que temos a oposición, esto, pero bueno en todo caso, en todo caso, é o de menos, vaíamos ao que nos importa, vaíamos ao que nos importa, pretende facelo como dicíamos, con nocturnidade e con alevosía, porque a información que se nos transmite é que a aprobación inicial se quere facer durante o mes de abril de este ano, eso é o que se nos transmite a nós, durante o mes de abril, a aprobación inicial que suporía a paralización das licenzas de obra, é decir, unha persoa que non teña metido un proxecto de obra, para edificar antes da aprobación inicial, si o fai despois de esa aprobación inicial non pode, non pode meter ese proxecto e quedaría baixo as premisas da nova ordenación urbanística, que poden ser as mesmas, ou ben poden ser diferentes, ben , por certo tamén nos enteramos polas assembleas, cousas curiosas da vida, que os membros da oposición, aquí representantes da cidadanía, non sabemos esto, eu non sei vós, nós non o sabemos, pero resulta que a xente que ten ido as nosas assembleas nos din que había xente que o sabía, é máis, coñecen cal é o aproveitamento do solo, porque nolo dixeron nas assembleas, en varias de elas, xente que xa sabe cal é o aproveitamento do solo na modificación do plano, o que supón unha información privilexiada de moitísima importancia, posto que eso che permite facer según que cas túas fincas, porque pódeste atopar que onde crees que tes un solar, acabas tendo unha leira de patacas, ou viceversa, ou viceversa, bueno, entonces, o PXOM de Barbadás ano 2002 metido con calzador, meses antes da aprobación da Lei do Solo de Galicia, o BNG cando se entera de esto, loxicamente baixo a nosa responsabilidade, facemos assembleas en todas as parroquias para informar do que está sucedendo, mire nós non lle vamos por ahí mentindo, nós vamos decíndolle á xente, !! ollo van a modificar o Plan Xeral!! polo cal, primeiro se alguén ten pensado facer unha obra, xa pode ir metendo un proxecto no Concello, porque como se aprobe inicialmente o Plan en Pleno, despois quedan paralizadas as obras, segundo, !!! ollo porque se pode modificar a utilidade de ese solo!!!! , y é o que decíamos nas assembleas, dixemos eso,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Na roda de prensa, non diseches eso,

O Sr. Fírvida toma a palabra: Dixemos eso, ¿pois dígame vostede o que dixemos na roda de prensa?



porque nos estabamos,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Dixeches unha cantidade de mentiras descomunales,

O Sr. Firvida toma a palabra: Como as que dixo vostede agora, mentiras descomunales, ¿cales? ¿cales? Xosé Carlos mentiras descomunales, pero non é capaz de dicir nin a primeira,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Como por exemplo, que o Tenente Alcalde y eu temos edificios na Valenzá para vender pisos, cando non temos ningún edificio,

O Sr. Firvida toma a palabra: Non, pero voulle recordar agora, non se preocupe, que eso que dixer na roda de prensa, voullu a dicir agora tamén, outra vez, non se preocupe, nada, si vai ter tempo, eh, bueno.

No ano 2010, bueno, a Lei do Solo de Galicia, que por certo sofre 10 modificacións, parciais, hai unha modificación do ano 2010, pola que se xustifica a entrada en vigor e obriga a substituír o documento de inicio para adaptalo, ben despois de 12 anos de aprobado o Plan Xeral, ano 2002, entran as presas por aprobar a modificación do Plan Xeral de Barbadás, e dicen para adaptalo á Lexislación Vixente, e vaise modificar, mire a Lei do Solo de Galicia hai un borrador presentado no Parlamento Galego, presentado polo Presidente Núñez Feijoo en outubro, e presentado para o seu debate en comisión de estudo no Parlamento de Galicia, con data 11 de decembro do ano 2013, un borrador da nova Lei de Galicia, ese borrador está en fase de debate, e análise pola comisión de estudos no Parlamento e en fase de ponencia, é previsible que a nova Lei de Galicia se aprrobe para setembro ou para outubro de este mesmo ano, polo tanto o que non é lóxico, o que non é lóxico e aprobar algo que se vai a modificar, proximamente, e que estamos sempre facendo as cousas, en vísperas dunha modificación dunha Lei superior, o que nos obrigaría a continuación a remodificar, e readactar o noso Ordenamento á nova Lei aprobada no Parlamento Galego no ano 2014, sí Manolo, da igual que lle deas a cabeza, pero é así, vos si agora aprobades un planeamento inicial, por moito que haxa traballos feitos, si eu non lles voto para nada o traballo feito, para nada, o que pide o Bloque Nacionalista Galego é que se aproveite ese traballo feito polos técnicos, que se demore a aprobación inicial, que agardemos a que sucede ca nova Lei do Solo de Galicia, e posteriormente que fagamos un plano en Barbadás, coa participación da cidadanía con aras e con vistas de futuro, un planeamento para vinte ou vintecinco anos de vixencia, para non estar cambiando todos os días, como fan vostedes e como fixeron co planeamento do ano 2002, y para eso non hai ningunha presa, o traballo feito non hai porque tiralo, pódese aproveitar perfectamente e se cumpre cos requisitos da nova modificación Galega, mellor que mellor, pero agardemos, ¿qué presa ten vostede en abril de este ano?,



O Sr. Alcalde toma a palabra: Eu ninguha, xa llo digo.

O Sr. Firvida toma a palabra: Que presa ten vostede Señor Freire, ¿qué nos está ocultando? ¿Qué presa ten vostede para aprobar antes de que se faga no Parlamento de Galicia a modificación en Barbadás? ¿qué presa ten ? bueno, pois eu voulle recordar a presa que ten, eu voulle recordar, porque esto responde a unha historia urbanística de este Concello que ven como mínimo de doce anos atrás, como mínimo.

Hai doce anos, aprobouse o Plan Xeral de Ordenación de Barbadás, e comezan a caer uns sobre outros modificacións nas áreas de reparto e modificacións puntuais no ordenamento, primeiro dáse unha licenza urbanística para construír a Carrefour, claro a metade en Barbadás e a metade en Ourense, pero curiosamente a licenza de una vostede, tamén outra coincidencia máis, que o Alcalde de Barbadás, daquelas seis mil, sete mil habitantes, dá unha licenza a Carrefour, Multinacional Francesa para construír en solo de Ourense, pero olle é que estes nacionalistas son moi mal pensados, somos moi mal pensados, e despois veñen modificacións do área de reparto AR-1, disminúese o volume, aumentase a horizontabilidade, retranqueanse os edificios achegándose ás traseiras da Avenida de Celanova, e disminúese zona verde, modifícanse viais e facilítase a urbanización, facilítase a urbanización, incluído a desaparición de parques públicos, nas traseiras de edificios que foron vendidos con vistas ao río, modificación do AR-10 no ano 2010, redución de tres viais que daban acceso a saída de unha poboación de máis de 17.000 persoas á Nacional de Celanova, viais, viais recollidos no Planeamento do ano 2002 e que por arte de maxia, desaparece do planeamento, desaparecen eses viais e queda única e exclusivamente, para dar saída a toda esa poboación, que van a ir nas torres máis de cinco mil persoas, por un único vial, que vai a dar a rotonda do Carrefour, é dicir que non pase nada grave neste Concello, porque a única saída natural será, a Avenida de Celanova e o vial chamado 17 de maio, que vai a dar a rotonda do Carrefour, porque os viais que iban a Estrada de Celanova, desaparecen todos eles, por certo curiosamente a edificabilidade do AR-10 incrementase en 2.000 metros cadrados o que podemos supor, que 2.000 metros cadrados dan para facer, vinte vivendas de cen metros cadrados, que a un prezo de mercado dos anos, onde se vendían ben os pisos de 150.000 euros por metro por vivenda, dá un total de máis de 3.000.000 euros de plusvalías, por enriba das xa creadas y esperadas, non Señor Freire é que mire elle moi fácil, vostede colle a edificabilidade recollida no Plan Xeral do ano 2002, colle a edificabilidade recollida na modificación que vostede aprobou ca oposición do Bloque Nacionalista Galego e lle dá que ten 2.000 metros cadrados urbanizables y resulta que en ese AR-10 díxeno na roda de prensa e volvo a repetir agora



aquí, teñen propiedades Ex-Concelleiros do Partido Popular, o Señor Freire Couto e o Señor Manuel García, teñen propiedades, incluso algún medio de comunicación chegou a dicir que eran propietarios do 30% da área de reparto do AR-10, e vostedes teñen alí propiedades,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero eso está no Xulgado, xa o Xulgado encargárase de deducíalo,

O Sr. Firvida toma a palabra: Está no Xulgado, nada, eu sonlle político, sin importancia, ningunha importancia que un Alcalde modifica a edificabilidade, cambie viais, non é mentira Manolo porque o tratamos en este pleno e estaba usted aquí sentado,

O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra: É mentira

O Sr. Fírvida toma a palabra: É verdade, incrementouse o coeficiente de edificabilidade, nunhas décimas, pero si tú multiplicas unhas décimas, por setenta e seis mil metros cadrados, dá dous mil metros cadrados máis,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Que os informen os técnicos

O Sr. Fírvida toma a palabra: Da igual, Señor Freire, non se poña nervioso, voulle dicir unha cousa, para que queda claro xa, agora, xa sei, eu con todo o respecto do mundo, eu respecto, xa o teño dito noutro momento, ás técnicas de este Concello, o traballo desenvolvido por os técnicos, por unha cuestións de humildade porque saben máis ca min, entón eu non vou discutir nunca na vida con un técnico, a min xa me pode traer cinco, como quinientos, dame igual, eu son político, e veño eiqú a tratar de temas políticos,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero ten que saber de que fala

O Sr. Fírvida toma a palabra: Nada, señor Freire eu son político

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non pode dicir vostede mentiras, e o que lle dé vostede a gana,

O Sr. Fírvida toma a palabra: Eu son político, e veño a tratar temas políticos

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben

O Sr. Firvida toma a palabra: Mentras non diga ningunha mentira, vostede ten que escoitarme, eu digo que veñan todos os técnicos do mundo arebatirme, se non é certo que se cambiou o coeficiente de edificabilidade no AR- 10, incrementando nunha porcentaxe, ese coeficiente de edificabilidade e polo tanto aumentando os metros edificabilidades, porque o tratamos neste pleno

O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Pregúntalle aos técnicos

O Sr. Fírvida toma a palabra: Seguimos, melloras de terreos, a historia de urbanismo é, que todos os mellores terreos que hai neste Concello, que hai neste Concello, foron reservados para edificabilidade urbanística, para facer edificios e para que se lucraran os construtores, oye tamén



curiosamente a historia de este Concello nos dí, que os Concelleiros do Partido Popular tiñan vinculacións directas con urbanismo, construtores, promotores urbanísticos, tamén será mentira que non foi Concelleiro de Urbanismo, José Ramón, Felipe Vide, Currás, Manolo García, non ten relación e vostede Señor Freire ten unha empresa en Portugal, onde vai a ocultar o diñeiro que gana no noso país, como dí Martínez Pujalte o que sería unha persoa abominable, según Martínez Pujalte esconder diñeiro español nun país extranxeiro e ten como psicoblaster e ten outras inmobiliarias que se adican a negocios urbanísticos, este é coñecido hoxe en día por todo o mundo, polo tanto vostede ten un gran patrimonio, crecido ou medrado ou que traballa no sector urbanístico, polo tanto darlle a vostede a posibilidade de que cambie un Plan Xeral de Ordenación Municipal de Barbadás, é como por a raposa a cuidar as galiñas, elle o mesmo, elle o mesmo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero non se preocupe, que vai acabar vostede o tema do Plan Urbanístico , que eu non o penso acabar, osea non se preocupe

O Sr. Fírvida toma a palabra: Eu sigo, Concelleiros do Partido Popular vinculados co Urbanismo no noso Concello, por certo, todos bien situados, incluídos vostedes eh, tamén curiosamente a empresa que fabrica, que constrúe máis de trescentas vivendas no noso Concello no ano 2002-2003, crea unha inmobiliaria en Portugal no ano 2003, nun edificio, nun número, nun baixo, onde o Señor Freire Couto crea no ano 2004 a súa inmobiliaria cun capital superior a 800 mil euros e a raíz da cal compra 8 vivendas en Portugal, a esta mesma empresa, tamén curiosidades e coincidencias da vida, pero a verdade é así de pezoñenta, e claro pasa o que pasa, entón nós o que solicitamos coa convocatoria de este Peno, non lle é mais que paralice vostede a aprobación inicial do Planeamento, abra un proceso consultivo coa cidadanía, non lle estamos dicindo que a cidadanía redacte o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Barbadás, nin moito menos, faga e abra un proceso como o que se está levando en moitísimos Concellos en Cataluña, ou por exemplo

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ou en Ourense,,,,jjajaja

O Sr. Fírvida toma a palabra: A min o de Ourense, non sei, non sei o que me quere dicir con eso, non, non lle gobernamos, vostede está algo desfasao,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non estou desfasao

O Sr. Fírvida toma a palabra: Bueno da igual, ou por exemplo, ou por exemplo, nas Pontes de García Rodríguez onde hai un proceso de participación da cidadanía, onde do que se trata é de dirimir que tipo de Concello queremos para o futuro, dirimir cales son as infraestruturas públicas que queremos, os servizos sociais, os servizos públicos, dirimir si queremos ter un núcleo urbano como a



Valenzá, que aglutine todos os servizos públicos, ou si queremos diversificar esos servizos polo rural, dirimir cal vai a ser o rural do noso Concello, que por suposto non é o rural de Monterrey ou de Cualedro, non é un rural de explotacións agrícolas nin de aproveitamento gandeiro, é un rural basicamente utilizado para que a xente viva, é un rural absolutamente privilexiado pola súa situación, onde a xente poida vivir, porque se atopa no contorno da cidade de Ourense, y nós creemos que eso é un proceso no que debe participar a cidadanía y calquer outro tipo de institución ou organismo e por suposto Partidos da Oposición para establecer, cales son os criterios, cales son os principios, cal é a misión do Concello para encargar aos técnicos a redacción dun planeamento que corresponda a esas características, a esas necesidades, porque hai necesidade de Centro de Saúde, eso sí, o Centro de Saúde está colocado nun solar, nunha costa que ten unha inclinación de máis do 30% que non sabemos como fará a xente maior para subir por alí, ou as mulleres ou homes con carritos de nenos pequenos, pero da igual, non hai piscinas, non hai instituto, non hai Centro de día, non hai absolutamente nada, pero si o que sabemos e que hai a posibilidade de construír doce torres de diversas alturas, desde o Campo de Fútbol dos Carrís ata a gasolinera, ata o Carrefour, eso sí o sabemos, ¿ves? outra cousa non, pero onde van os edificios xa o sabemos, bueno pois eso é o que pide o Bloque Nacionalista Galego, entón vostede deixe de mentir primeira cousa, segundo atenda a cidadanía do Concello, e non aos seus amigos os construtores, atenda as necesidades da xente para os que goberna e deixe de gobernar para os construtores e para o peto dos construtores, e atenda as necesidades da xente que vivimos neste Concello, eso é o que lle pedimos dende o Bloque Nacionalista Galego.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Moi ben, ten a palabra o voceiro do Partido Socialista

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Ben, Señor Freire vostede veu aquí a dar un mitin, eu véñolle a falar con datos absolutamente obxectivos, e voulle falar da súa ocultación deste planeamento urbanístico, e teño probas e vounas acreditar eiquí.

A situación do urbanismo no noso Concello pode ser motivo dun ensaio, cuxo título sería perfectamente “Barbadás un exemplo de urbanismo depredador”, e o autor evidentemente ten que ser vostede, non hai outro autor posible.

Desde hai moitos anos, este Municipio é o paradigma do que non se debe facer, si queremos unha localidade armónica co seu entorno, sostible, cómoda para a veciñanza, con dotacións axeitadas para a poboación actual e tamén para o crecemento futuro. A especulación prima, e primou sobre calquer outro aspecto e consideración, como dixo o Señor Fírvida, os mellores espazos e terreos destínanse



para os construtores, esquecéndose absolutamente os servizos e o interese da comunidade, e o exemplo máis vivo e máis claro témolo no burato que vostedes crearon para o Centro de Saúde, que aínda está ahí, dende hai varios anos e non se fixo nada, ese é o espazo que vostedes crean para os servizos da cidadanía, os mellores espazos para os construtores e os peores ubicados para os servizos xerais, os exemplos están á vista, como dicía agora, todo o mundo que queira mirar con ollos obxectivos, aínda non temos Polideportivo, seguimos sen Instituto de Ensino Secundario, as piscinas municipais son un estanque, e non hai piscina cuberta e a vostede nin se lle plantexa a posibilidade de pensar sobre o asunto; pero todo o tocante a sanidade e dotación social e absolutamente alarmante. Un Centro de Saúde que non é digno nin merecente do seu nome, e para que falar do Centro de Día que non hai, nin se lle espera. A posta de Freire, é dicir de vostede, foi exclusivamente para os construtores, polo ladrillo, a posta do Señor Alcalde foi sempre polo beneficio duns poucos, e entre os beneficiarios supostamente, se atopan algúns políticos de máximo nivel do Partido Popular de Barbadás, e por suposto algunha construtora que xa está condeada pola Xustiza, e vostede sabeo, e vostede tiña e ten vínculos estreitos ou estreitísimos con esa construtora, sabeo e probarase ademais.

Os indicios de presunta corrupción están presentes na actualidade do Concello, pero leva moitos anos sendo comentarios sotto boche entre toda a veciñanza, o urbanismo de hoxe en día ten un papel de suma relevancia na sociedade, ten que contribuír a configurar lugares máis sostibles, espazos nos que o conxunto da cidadanía desenvolva a súas relacións sociais, económicas e culturais, ten que servir o urbanismo de hoxe en día para configurar e decidir que cidade, que Concello queremos, se queremos seguir vivindo nun Concello que se sosteña única e exclusivamente do ladrillo ou queremos un Concello centrado nos servizos, ou queremos un Concello máis industrial ou máis comercial, pero vostede non o ten claro, bueno sí que o ten claro, quere ladrillo máis ladrillo máis ladrillo, non aposta por outra cuestión máis que polo ladrillo, porque lle beneficia aos poucos amigos seus.

O Urbanismo é polo tanto o responsable da súa xestión, teñen a obriga de conformar un Concello cada vez máis habitable, con criterios que resposten aos interese da veciñanza moderno, e con servizos de cualidade. O proceso no que actualmente nos atopamos en Barbadás, precisa indispensablemente da participación da cidadanía e da máxima transparencia, esas son as premisas necesarias, para desenvolver unha política urbanística, que satisfaga o interese público, non o interese particular, o público, precisamente, isto é algo que non esta ocorriendo no noso Concello, en Barbadás prima a ocultación, voutlo ensinar Señor Freire, voutlo demostrar agora como se oculta aquí, e evitase a participación veciñal, eu veño con probas e documentación que vostede, por certo non me facilitou,



que a conseguimos nós,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Vostede non ma pediu tampouco, todo sexa dita de paso.

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Nós somos Concelleiros deste Concello, e formamos parte de esta corporación, e teñen a obriga de facilitalo,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Xa lla demos

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Cando a pedimos, cando a pedimos,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pero se non a piden, ¿ como lla vou dar?

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Eu non vou a entrar aquí en un debate agora mesmo, con vostede, cando eu remate participa vostede, esas son as premisas necesarias para desenvolver unha política urbanística que satisfaga ó interese público precisamente, como decía, esto é algo que non se debe facer no noso municipio, en Barbadás prima a ocultación e evitase a participación veciñal, xa non falo de participación dos grupos políticos, falo da participación veciñal, que son as persoas que realmente van a disfrutar ou a sufrir un planeamento urbanístico.

Señor Freire os Socialistas de Barbadás consideramos que a mellor forma de elaborar un planeamento urbanístico non é outra que a de abrir un proceso amplo e participativo, que ten que servir para facer balance, dunha situación urbanística, recoñecer aquelas accións nas que non primou o interese xeral, que aquí foron case todas, aquí que primase o interese xeral foron ben poucas, máis alá da referencias legais e dos criterios legais hai un criterio e unha pauta que deberá primar sobre calquera outra, a necesidade de que todo o plan urbano, ten que constituír un autentico pacto social, é o que decía o Señor Fírvida, é dicir que toda a cidadanía se sinta participe de ese elaboración de ese planeamento, o que sempre se chamou consenso e por tanto require de interacción entre o equipo redactor, que supostamente, son estos señores que están aquí, benvidos, e os representantes políticos e os colectivos sociais como poden ser, asociacións veciñais, culturais, factores económicos e a cidadanía en xeral , pero non, en Barbadás ocorre todo o contrario, o novo planeamento estivo oculto en todo momento aos grupos da oposición, e por suposto a toda a veciñanza, falaban vostedes dunha adaptación a Lei do Solo xa existente, ¿pero que adaptación á Lei do solo xa existente?, se vostedes están cambiando radicalmente o planeamento urbanístico, vostedes o que están facendo é confabulando para darlle unha volta contundente o PXOM, Señor Freire está confabulando literalmente, Señor Freire vostede ten que explicar que ocultos motivos ten para actuar deste xeito, independentemente de todas as cautelas legais, que xa se encargaron todos vostedes de repetilas e repetilas hasta a saciedade, e somos coñecedores de esas cautelas legais, que por certo vostedes son os primeiros en incumplirnos no seu



partido, que en Silleda tan pronto se lle deu unha documentación ó PP, encargáronse de dar unha roda de prensa aireando o planeamento e agora están encausados, nós aquí, en Barbadás, non o imos a facer, pero vostedes pónenlle cautela aos grupos da oposición cando resulta que en Silleda entréganselle ó Partido, non, é que primeiro foi vostede o que falou do seus contornos, doutros Concellos, pois eu menciónolle Concello seus, o planeamento urbanístico, membros do Concello do Partido Popular en Silleda, ala o día seguinte van a prensa a airealo, pois están encausados, eso sí que é actuar con deslealdade Señor Freire, eso si que é actuar con deslealdade, aquí non o facemos, aquí pedimos información, e vámoslle a demostrar como falsea vostede á verdade.

Aínda que a vostede lle pese, está información debería estar facilitada en todo momento, e de xeito oficial, de cada paso que se dá na elaboración do novo planeamento, resulta absolutamente escandaloso o ocorrido en Barbadás, nin a máis mínima información durante cinco anos, e aquí quérolle lembrar que a miña compañeira Victoria durante varias sesións ou o longo de varias sesións, lle preguntou en reiteradas situacións cal era a situación do Planeamento Urbanístico, está en trámite, está en trámite ou está en trámite, e punto e final, todo esto resulta aínda máis bochornoso Señor Freire, máis bochornoso cando descubrimos que boa parte da documentación está colgada na páxina web da Xunta de Galicia, por exemplo o anteproxecto, por exemplo, unha planimetría, bueno chamarlle a esto unha planimetría é unha vergoña, e o informe previo, o informe previo que fixo a Xunta de Galicia, que despois tamén falarei del, está colgada na páxina web da Xunta de Galicia, pero resulta que o Concello de Barbadás ten unha páxina web e alí non figura, ¿ como lle chamaría vostede a eso? ¿ transparencia? Mire Señor Freire, non nos tome o pelo, que na oposición quérenos facer parvos, pero non o somos, somos probablemente hasta intelixentes, hasta intelixentes, bastante máis do que vostede pensa, pero non, a páxina, toda esta documentación, escueta documentación está colgada na páxina da Xunta de Galicia, pero na páxina web do Concello non a temos, durante un ano, leva colgada, desde hai un ano leva colgada na páxina web da Xunta de Galicia, pero en Barbadás sigue sin estar colgada, non, eso é facer participe aos veciños, e facer participes aos da oposición, e os colectivos culturais, e aos comerciantes, e os actos sociais, eso é o que vostede lle chama transparencia, eu chámolle confabulación e ocultación.

O PP e o Señor Alcalde deben pensar, como dixen antes, que somos parvos e ademais queren infra valorar á veciñanza. No Partido Socialista estamos convencidos que está aptitude de ocultación ten que deberse a algunha razón que seguramente non ten nada que ver coa defensa do interese xeral. Vostede Señor Freire, vostede, como Alcalde de este Concello está roubando a cidadanía a



posibilidade de participar coas súas aportacións nun documento, que vai marcar o seu futuro para moitos anos, e coa experiencia que temos en Barbadás, no tema de urbanismo, esta aptitude non presaxia nada bo, leva moitos anos baixo sospeita, case me atrevo a dicir que urbanismo seguirá estando baixo sospeita mentres vostede governe este Concello, mire, voulle facer unhas pequenas aportacións; porque eu veño eiquí con ánimo construtivo para que vostede mellore a súa forma de gobernar, a actuación que tiña que haber sido dineametralmente oposta, como se está facendo en Barbadás e isto non impide nin vai en contra de ningunha cautela legal como se encarga ben a Secretaría de recordarnos, non vai en contra de ningunha cautela legal, realización de actos públicos abertos para que a veciñanza saiba, saiba que se está elaborando un novo Planeamento Urbanístico, aquí sabeo a xente que é amiga do Señor Freire, esa sí que o sabe, xuntanzas cos colectivos veciñais, culturais e sociais, reclamando e recollendo, as súas suxestións, suxestións, crear unha páxina web na que calquera poida facer aportacións, facer participes ós grupos da oposición da evolución do proxecto de planeamento e desde logo como dixo o compañeiro Fírvida, os plenos que sexan a outra hora na que a xente pode escoitar o que aquí se está debatindo e o proceso no que se encontra o Planeamento Urbanístico, mire, hasta agora o sentido común, consenso e negociación non figura dentro do seu vocabulario político, e non caracteriza desde logo a súa actuación de goberno, a elaboración dun novo Plan de Urbanismo era unha oportunidade que tiña vostede para enmendarse, e vostede quixo deixala pasar. Pero o que vostede non deixa pasar é a posibilidade de beneficiar a uns poucos co PXOM, que vostede quería aprobar, e digo quería, xa que a Xunta de Galicia enmendoulle totalmente á plana as súas pretensións. Unha vez lido o informe inicial, que a Consellería de Ordenación detectou, a Consellería de Ordenación detectou no mesmo unha chea de anomalías e irregularidades das que o grupo de Goberno Socialista, deduce que anota da Consellería este traballo era de moi deficiente, moi deficiente, e digo con claridade, digo con claridade, non oculto, con este informe o que ten que facer o Señor Freire se tivera algo de vergoña política era de iniciar un novo, un novo proceso, de novo todo o procedemento, o documento da Xunta que a Xunta pon enriba da mesa, ten tantas cautelas en cumprimento da lexislación vixente que é evidente, que para que a administración autonómica acepte un planeamento de Barbadás, este ten que dar un xiro copernicano, en relación o que se presentou. A Xunta fala claramente entre outras cousas dun crecemento sobre dimensional, o informe, este informe de sete folios, o informe previo, á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Barbadás, rexeitase sen paliativos, pero sen paliativos todas as calificacións e delimitacións do solo que fai o anteprojecto, incluso as urbanas, que son as



que supostamente máis sinxelas de definir, moitos son os exemplos, dos que podemos falar, pero vou mencionar os que poden ser máis alentables, como poden ser os terreos ubicados en torno a rúa Altamira, e o futuro Centro de Saúde o AR-5, tamén a zona enmarcada entre o Colexio Filomena Dato, Bar Picoteo, e a parte traseira da rúa Tomas Rodríguez Punxín, así como o AR-7, que se atopa delimitada pola prolongación da Rodríguez Punxín e as traseiras da Avenida de Celanova e a rúa Canella, e tamén lle reprocha a excesiva edificabilidade na Area de Reparto número 10, na que lle indica que se deben baixar en dúas as alturas, creo recordar. Pois ben, este documento contén nin máis nin menos que 16 cautelas, 16 cautelas nun Concello como o noso, 16, 16 cautelas, estou falando da documentación que é visible, e da que fala e da que está colgada na páxina web, da Xunta de Galicia, vostedes agora empezarán a falar de que están en un proceso negociador, e cousas por un estilo, pois ben, hai 16 cautelas en relación ó que o Goberno do PP de Barbadás considera como solo urbano consolidado, e que a Consellería de Ordenación do Territorio considera urbano non consolidado, isto é algo gravísimo, gravísimo, a administración autonómica nos lles deixa títere con cabeza, non lles deixa títere con cabeza, hai que ter claro que o solo urbano, esto quero que quede moi clariño e vouno leer literalmente, hai que ter claro que o solo urbano consolidado, que é o que vostedes consideran aquí, sobre o cual a Xunta de Galicia fai 16 cautelas, con solo urbano consolidado permite construír de forma directa, sendo o Concello o que ten que proveer o servizos xerais, é dicir abastecemento, saneamento, viais, servizos, etc, pola contra no solo non consolidado, todo isto ten que ser realizado polos construtores e promotores, e ademais teñen que ceder o correspondente aproveitamento ó Concello así como construír vivendas de protección autonómica, é dicir no urbano consolidado o aproveitamento para o construtor e do cento por cento, mentras que no solo non consolidado, incluso pode ser inferior ó 50% pero non, toda a Valenzá e solo urbano consolidado, según este documento, todo, mire Manolo, eu estiven reunido con urbanistas, no, no, eu estiven reunido con urbanistas, preocupeime moito, perdón, estou intervindo eu, despois se quere fala vostede, preocupeime moito por investigar sobre este tema, precisamente porque era descoñecedor de moitas circunstancias, pero reuníme incluso con urbanistas, en Vigo, analizaron esta documentación, e o que sale de aquí e o que lle vou a dicir, desas reunións e con coñecemento de causa o digo.

Falando de vivenda de protección autonómica hai que dicir que Barbadás seguramente bate records no tocante a este tipo de vivenda, Freire e o PP esqueceron por completo este tipo de vivendas, e agora pretende que sega así, considerar solo urbano, perdón, considerar solo urbano aquel que ten que ser considerado non consolidado supón darlle todo tipo de facilidades aos empresarios do ladrillo, pero o



que é máis grave de este xeito, atentan gravemente contra as arcas do Concello, e polo tanto contra os intereses da veciñanza, que sería a que tería que pagar as novas obras de urbanización e abastecemento e saneamento. O solo urbano consolidado todas as obras as ten que facer o Concello, supostamente están feitas, mentras que no non consolidado, non están feitas e polo tanto téñenas que facer os construtores, e vostedes consideran consolidado, consolidado a maior parte do terreo da Valenzá cando a Xunta lles dí que non ten posibilidade de ser consolidado, vamos a ver, lede o documentinho que está aquí, leede o documento, consta de 7 folios, está colgado na páxina web da Xunta de Galicia, non se pode negar, está aquí, aquí, Manolo, esta aquí.

Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, Territorio de Infraestruturas, Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio, un folio, dous folios, tres folios, catro folios, cinco folios, seis folios, e sete folios, entón non se me pode negar a evidencia, non se pode negar a evidencia Manolo, non se me pode negar a evidencia, eu veño aquí con datos e con documentación, da pouca que poda haber. Vostedes consideran como solo urbano, urbanizable tamén, terreos que teñen que ser cualificado de solo rústico de especial protección, tambien lo pone aquí, y pretenden transformar en solo industrial nunha zona perto de Bentraces, que indica o documento que sufrira un grave impacto paisaxístico; todo esto conforma o que o Grupo Municipal Socialista, chamaría un pelotazo a gran escala, chamariamos un pelotazo en gran escala, si si, este plan ten un forte tufo a pelotazo a gran escala. Pero e que tamén existe unha carencia gravísima no informe previo emitido pola Xunta e eiquí, falo tecnicamente tamén, non son un experto pero si que me preocupeí como dixen antes de averigualo, o estudo económico e inconcreto, o estudo económico de este planeamento e inconcreto, e non contempla os aspecto fundamentais para un axeitado planeamento. A maior parte, esto deberíano saber vostedes, a maior parte dos plans de urbanismo decaen pola inconsistencia do estudo económico, e no de Barbadás, este estudo económico case non existe, polo menos na documentación que consta na Xunta, ¿ que quere dicir esto?, ben, vou a ser moi clariño, pois ben todas as accións propostas no plan de urbanismo teñen que estar arroupadas por un análise gravista dos investimentos que se precisan, para poder ser realizadas, e cales son as fontes de financiación, en definitiva, do que estou falando e de ¿canto custa o planeamento urbanístico?, ¿de quen o paga? E se finalmente se pode pagar, se finalmente se pode pagar, falan vostedes, de que se precisa por exemplo, aquí falase de que se precisan dúas depuradoras novas, pero non se contempla como pagalas, vostedes a Xunta non llo achegaron, hai que facer dúas depuradoras pero non sabemos quen nas vai pagar, nin quen as vai facer, nin nada, na de na, como dí o andaluz,



Vou por cifras unha depuradora de formigón prefabricado, que tamén me encarguei de averigualo, custa perto de 700 mil euros, pois dúas custan un millón catrocentos, de poliuretano, o polietileno, non me acordo como se chaman, pois custan o redor de catrocentas mil, bueno pois suman oitocentos mil euros, xa, e vostedes non dín como se vai a financiar eso. Cando temos un Concello no que o investimento anual destinado nos orzamentos ronda os cen mil euros, pero nós imos pagar un millón catrocentos mil nas depuradoras, ou oitocentos mil euros, sen saber como, e sen decir como, nos llo contamos á Xunta, ocultámolo, ben.

O mesmo ocorre co corredor verde do Barbañica, menciónalo tamén no planeamento urbanístico, pero non din como se vai facer, nin como se vai pagar, nada, e de novo volve a reitarse a situación cando falamos dos viais de circunvalación, que afectan o centro da Valenzá, e que discurrirían supostamente pola actual calzada romana, porque tampouco se reflicte na documentación que se achega a Xunta, o financiamento, nin a conformidade das administracións a este plantexamento, o mesmo ocorre tamén cando se fala da creación dun vial, entre as Lamas e Piñor, e volvo decir non quere leer literalmente o que pon aquí, porque é contundente ehh, é contundente, e vostede sábeno, e vostede sábeno, en ningures se fala de como pagar estas infraestruturas, ¿con que apoio vai contar o Concello?, ¿ou que convenios vai asinar para poder realizalas? Nada, non lle facilitaron nada á Xunta, todo isto custa cartos, e hoxe o plan non conta con ningún tipo de soporte económico e polo tanto é un argumento máis para falar dunha autentica chapuza, unha autentica chapuza, dío a Xunta de Galicia, e a Consellería de Ordenación do Territorio, e por escrito. O documento da Xunta de Galicia repróchalles tamén de que certos equipamentos na Area de reparto 7, entre a rúa Garrida e os túneles de Villaescusa, están nunha zona de forte pendentes, e que polo tanto son inviables tecnicamente, é dicir facemos aquí un equipamientito, y lo ponemos en la zona máis pendiente, para que la gente non vaia a el, Señor Freire pero vostede quéreme tomar o pelo ou?

O Sr. Alcalde toma a palabra: Por favor siga, e acabe se pode ser,

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: léollo, sen problema ningún e se non pásolle o documento ahí sen problema ningún,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non me fai falta

O Sr. Tenente Alcalde toma a palabra: Se explicará

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Se explicará, bueno, pero independentemente de que se explique esta é a resposta da Xunta de Galicia, a un plantexamento que se debe, que se debe, a uns criterios políticos que marcaron vostedes dous, seguramente que vostedes dous, mire un planeamento



urbanístico non se lle encarga a uns señores para que lo hagan al azar, non mira plantificade ahí o que vos queirades, que despois xa o decidiremos, non, un planeamento, un planeamento urbanístico obedece a uns criterios políticos que lle marcan os políticos,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Mire voulle cortar, un minuto solo con relación a eso , porque é que xa me está sacando de quicio, non é un planeamento urbanístico, esto é unha adaptación a Lei que ven dada por a Xunta de Galicia, estos señores, os técnicos, nós non participamos absolutamente para nada, o único que fan os técnicos é adaptar o Plan General á nova Lei que ven dada, ven dada, non llo dicimos nin este Señor nin eu nin nadie, os técnicos, ahí están e se non que o digan eles.

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Señor Freire, pois a adaptación que lle fan a Lei, vamos, non se leu ninguén a Lei, non se leu ninguén a Lei, creo eu,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Os técnicos lle darán resposta, leva trinta minutos, trinta minutos, claro que leva e aínda non acabou,

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Quero acabar, e non me queda moito, e quero ser bastante explicativo, bastante explicativo, e creo que me estou explicando para que todo o mundo saiba do que estamos falando neste Concello.

O documento da Xunta de Galicia dicía, reprochalles tamén de que certos equipamentos na AR-7, entre a rúa Garrida e os túneles de Villaescusa, están nunha zona de fortes pendentes, que polo tanto fan, inviable, inviable, é dicir que non se pode facer, ¿que plantexamento urbanístico fan vostedes aquí?, home, Señor Freire vostede volve a deixar pasar, a deixar para servizos e para as zonas de lecer as peores ubicacións, pola contra os mellores terreos van destinados a usos privados, este é o xeito que ten o Señor Freire de entender o urbanismo; o mellor para os construtores o peor para os servizos públicos, vostede Señor Freire refrenda día a día a cultura do pelotazo. Vostedes presentan, presentaron diante da Xunta, un documento, tan chusco, tan chusco, tan chusco, mire, xa non sei nin onde está, presentaron mire un documento na Xunta de Galicia, teño un plano eu aquí, aquí está, vostedes presentaron diante da Xunta de Galicia un documento tan chusco, que nin si quera conten o plano de estrutura xeral e orgánica de Barbadás, esto quere dicir que non lle facilitaron á administración autonómica, os planos de onde están ubicadas as dotacións que están á servizo do conxunto da veciñanza, ¿que queren ocultar con esta forma de actuar?, este documento é básico para que o plan poida ser analizado pola Consellería de rigor, este é o único plano que lle entregaron á Xunta de Galicia, este é un plano que o mellor ten vinte catro capas, unha sobre outra na que non se distingue absolutamente nada, cero distínguese aquí e vostedes reclaman, a Xunta de Galicia



reclámalles ademais na primeira páxina, na primeira páxina do informe dille, deberán aportarse plano, punto dous, estrutura xeral orgánica, deberán aportarse planos da estrutura xeral orgánica do territorio integrada polos sistemas xerais determinantes do desenvolvemento urbano, que non lles deron nada señor Freire, non lles aportaron documentación á Xunta, e así

O Sr. Alcalde toma a palabra: ¿Rematou?

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Non, non acabei,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Pois xa pode ir acabando

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Non acabei, insisto, ¿ que queren ocultar?¿ que queren ocultar?, pero o relato de recriminación que lle fai a Xunta non remata, prosegue e de forma moi extensa, o plano xustifica a necesita de solo residencial nin industrial acordo ós criterios de funcionabilidade, eficacia , sostinibilidade oriental, non acreditan a necesidade de clasificar como solo rústico ou de protección ordinaria o que a Xunta considera que debe ser especial de protección especialmente o entorno de Piñor, como son os Montes de San Bieito e de Coba de Lobo.

E a Consellería critica tamén os criterios que fan referencia ás alturas e os fondos de edificacións de determinadas ordenanzas, a administración autonómica incluso, acusa, acusa ó Concello de Barbadás de incumprir a lexislación vixente, en relación aos terreos afectados polos lumes, incumpre hasta esa lexislación, é dicir, estamos facendo un planeamento urbanístico , ou como vostede lle chama unha modificación de planeamento que incumpre a legalidade, non hai ordenación na localidade dos Muiños e aquí quero lembrarlles toda a publicidade que vostedes levan facendo dende hai moitos anos anunciando a recuperación de este núcleo, resulta que seu interese é tanto que agora ata se esqueceron del, no novo planeamento ou na modificación do planeamento, non se presenta ademais documentación individualizada para cada localidade do Concello, polo que a Xunta reclama un análise polo miúdo de cada lugar, está documentación é imprescindible para decidir sobre a consideración de solo rural, estou rematando, e quero facer unha mención especial, pola súa importancia ás consideracións que fai a Consellería sobre os núcleos rurais, o que o Grupo Municipal Socialista considera de gran relevancia, o PP de Barbadás e o Señor Freire plantexaron, plantexan non plantexaron, plantexan crecementos indiscriminados, dió aquí tamén o documento, o longo das estradas de todo o Concello, de xeito que se fusionen as distintas localidades, sen ter en conta as peculiaridades e características de cada lugar, incluso hasta nin enviaron a ficha de cada localidade, unha ficha que é obrigatoria de acompañar nos documentos de planeamento urbanístico, ¿ que pretenden vostedes con eso? Eu deduzo que apostan polo abandono dos cascos e permitir a



especulación, do que non é casco, do que non é casco, apostan pola especulación entorno os viais centrais do Concello, e posiblemente os pelotazos nas zonas rurais que son máis apetecibles para os promotores, Señor Freire a Xunta venlles a dicir que as estradas non son rúas, dío así de claro, o informe previo á aprobación inicial que emite a Consellería contén unha frase que é absolutamente lapidaria, e deixa ben ás claras que os obxectivos do goberno do PP en Barbadás a nivel urbanístico non están centrados, precisamente en potenciar o interese xeral, a frase dí “ Non hai correspondencia entre o crecemento que o Plan proxecta e a capacidade das redes do servizo de abastecemento e saneamento”, é dicir, vostede pretende meter xente aquí non Concello de Barbadás, aquí que veña a vivir, pero resulta que non hai nin abastecemento, nin saneamento, e o estudo económico non o aprobei, e volvo a dicir, non o digo eu, dillo a Consellería de Ordenación do Territorio dirixida polo Partido Popular, e engade a frase, “ Non se deben permitir, novos desenvolvementos urbanísticos sen garantía de servizos” eu creo que fun bastante claro, bastante explícito, que todo o mundo me entendeu, e si vostede tivera un pouco de vergoña política debería retirar este planeamento urbanístico e reinicialo de novo, eu xa digo reinicialo de novo coa participación da cidadanía e da veciñanza.

O Sr. Alcalde toma a palabra: Ben, pois unha vez rematado teño que dicirlle que, case reiterarlle parte do que lle dixen, en primer lugar, eu non teño ningún inconveniente, pero é que ningún por retiralo, o interese en facer o Plan Urbanístico para min e para os que estamos nesta mesa, cero, cero, cuestión, que o Ayuntamiento ten encima da mesa un proxecto, unha inversión e unhas gastos que teríamos que amortizarlle a eses señores porque xa está adxudicado, ¿vale?, en todo caso, en todo caso, nos vamos a cumprir coa nosa obrigaón, en segundo lugar todas esas cuestións que vostede fala de transparencia, de consultarlle á veciñanza, eso ten o seu proceso, estamos coa aprobación inicial, despois da aprobación inicial, deixémoslle facer o traballo aos técnicos, porque nós somos os políticos, non é o Alcalde o quen o fai o Plan Urbanístico, quen fai o Plan Urbanístico que tampouco é Plan Urbanístico, volvémoslo reiterar, e non me cansarei de reiteralo, aquí non estamos facendo un Plan Urbanístico, que o estamos adaptando o que temos á Lei do Suelo, e vaia pelotazo que ten este Plan Urbanístico, que pasa no anterior de ter, de preveer, de crecer en Barbadás 2.800 vivendas a 1.500, menudo pelotazo, menudo pelotazo ten este Plan que en vez de aumentar, diminúe, estamos desminuíndo máis de 1.000 vivendas.

Bien, en todo caso, dicindo eso, e me gustaría que quedara ben sentao, para as poucas persoas que nos están escoitando, que non controla está situación, non é un novo Plan, é simplemente adaptalo ó que hai, e as adaptacións marcas a Xunta de Galicia, por moito que os veciños, por moito que o Concello



queira, dicirlle á Xunta de Galicia, neste caso aos técnicos, neste caso aos técnicos, faime estou, ou aquilo ou demais alá, non vale de nada, porque cando chega á Xunta de Galicia vaille facer un informe e como se llo votan abaixo. Estes señores, os técnicos teñen que cumprir a Lei Vigente, y a Lei Vigente, y é tan claro o que digo, como ese documento que vostede acaba de presentar, porque loxicamente se non se adapta esa Lei, a Xunta lle vai dicir, esto, esto, esto y esto non serve, teñen vostedes que modificalo, y para eso é este trámite, para eso é este traballo técnico, para adaptalo y esas informacións que vostede ten ahí, os técnicos agora o que teñen é que cumprilas, simplemente cumprilas, nada máis que eso, e volvo reiterar vaia pelotazo que pase de 2.800 que se prevían no anterior Plan, agora unha vez redactada a Lei nova que son 1.500, ese é o pelotazo que hai, 1.300 vivendas menos, que me parece ben, que me parece estupendo, ¿porque non? o que ten que comprender é que eu non vexo pelotazo por ningún lado, cuestións y por outra, de ocultación nada, hasta que non sexa a aprobación inicial, nós nin os técnicos, nós non, nin nós nin a cidadanía, non lle poden dicir aos técnicos o que teñen que facer, a Lei vigente, a Lei vigente, que é eso o que teñen que facer vostedes, cumprir a Lei, e cando se teña que expoñer ao público entón si, hai haberá tempo e será o momento de alegar, de discutir, pero sempre tendo en conta esa Lei, porque aquí cada un seguramente vai querer un plan para si mesmo, como se foran uns zapatos, non é viable eso. O Plan hai que facelo segundo marca a Lei, e adaptándose ás circunstancias que hai, y despois de hai para arriba, pois teremos que consensualo ou non consensualo, pero si se consensúa é moitísimo mellor, indudablemente pero un Plan Urbanístico é moi difícil, non, non, perdón, o Plan Urbanístico polo intereses que suscita, de cada persoa, de cada persoa do Ayuntamiento, xa non digo doutro sitio, pero dos que vivimos no Ayuntamiento é moi difícil dar consensuado, porque cada un de nos vamos a querer ter pois un solar aquí, outro solar, onde temos a finquiña queremos ter un solar, y eso por experiencia xa o sabemos, pero dito tamén eso, isto, a folla de ruta, terminaría, de levala a cabo agora, claro, terminaría no ano 2017, unha vez exposta ao público, unha vez debatida, unha vez modificada, unha vez mandada á Xunta, unha vez que a Xunta volva a remitilo para aquí cos informes despois secundarios, despois da aprobación inicial, da exposición pública, das alegacións, das resolucións das alegacións, aínda se manda á Xunta ¿vale? e despois a Xunta mandao para aquí outra vez, y terán que facer os técnicos o traballo que lle manda a Xunta, en relación a esta modificación, y despois no 2017 é cando será a aprobación definitiva, que vostede dice Señor Fírvida que vai a cambiar a Lei, vale. A Lei vai cambiar pero os técnicos, lle dirán despois, que son os encargados de, os técnicos son os que lle poden discutir eso, que eu non son técnico na materia urbanística, simplemente será unhas



modificacións mínimas, unhas adaptacións mínimas, todos aqueles planes que estean feitos e adaptados á actual Lei Vigente, ¿vale? En todo caso, eu non son autorizado na materia, decidilo eso llo dirá un técnico máis tarde, entónces dito esto eu non vou a entrar a discutir aquí a cantidade de calificativos e demagógicos que se utilizou, aquí estamos tratando neste momento, primeiro de que iste non é o momento digamos dende o punto de vista administrativo para que participen veciños neste trámite, participaran unha vez que se fagan as modificacións que mandou a Xunta e se expoña ao público, ahí si, ahí si será o momento, é así, e si vostedes estiveran aquí gobernando farían o mesmo, porque non lle permite a Lei facer outra cousa, é máis non o permite, non o permite, ademais están ahí os técnicos

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Si que o permiten Señor Freire

O Sr. Alcalde toma a palabra: Non o permite a Lei, en todo caso, en todo caso, como dende o punto de vista político, eu xa lle dixen o que lle tiña que dicir, y esto é un documento basicamente técnico, é un proceso administrativo que empezou no ano 2007, e acabara no 2017, se todo vai ben, todos os pasos que llos din antes, parece que a vostedes non se lle interesa leelos, non escoitaron absolutamente nada, entónces, en todo caso, eu agora, si vostedes queren doulle a palabra aos técnicos, como vostedes piden aquí, para que lles informen, o que vostedes crean oportuno, sobre o debate claro, sobre todas as suspicacias, bien non é debatir, é aclarar algunha situación,

O Sr. Xosé Carlos Valcárcel toma a palabra: Eu pode reunirme con eles, como se fixo en outras ocasións, e en outros Concellos, fixando un calendario de citas e de reunións, pero non veño aquí a ter un debate cos técnicos, eu son político neste Concello, eu son político neste Concello, e veño a plantexar cuestións que están acreditadas pola Xunta de Galicia, non teño que someterme a ningún debate nin a ningún cuestionamento con eles,

O Sr. Alcalde toma a palabra: Perfecto

